(II) Autorización ou proxecto xa achegado polo concello pero documentación incompleta.






CONCELLO	ASIGNADO	1ª fase				2ª fase				Total 1ª e 2ª fase				ECONOMÍA			
		DEPUTACION	Ac e a n c al	WE d e d c lo	TOTAL CONCELLO	GASTOS CORRENTES	DEPUTACION	Ac e a n c al	WE d e d c lo	TOTAL CONCELLO	GASTOS CORRENTES	DEPUTACION	CONCELLO		TOTAL INVERSIONS	TOTAL CONCELLOS	TOTAL
Pontevedra	322.606,34	97.676,60			0,00	97.676,60	51.972,86	72.954,91	124.927,77	224.926,74	172.956,88	72.954,91	222.606,34	72.954,91	395.612,25	0,00	
Ponte de Aguiar	1.074.806,39				0,00		780.233,63		0,00	1.074.806,39	294.672,76		780.233,63		1.074.806,39	0,00	
Ponte de Son	746.750,02				0,97		486.642,25	0,97	486.642,22	746.750,02	260.107,77		486.642,25	0,97	746.750,99	0,00	
Ribeira	583.491,68				0,00		468.356,60		0,00	583.491,68	85.134,98		468.356,60		583.491,68	0,00	
Ribeira	756.463,34				0,00		107.937,92	71.574,28	179.512,20	528.215,99	420.278,07		335.895,27	77.925,17	413.610,44	0,00	
Ribeira	614.842,00				0,00		369.632,87		0,00	614.842,00	245.209,13		369.632,87		614.842,00	0,00	
Sada	379.897,49				0,00		166.798,73		0,00	379.897,49	166.798,73		166.798,73		379.897,49	0,00	
Sada	614.842,00				0,00		701.308,68		0,00	614.842,00	386.008,17		701.308,68		614.842,00	0,00	
Sainto Adrao	1.370.166,40				0,00		873.376,76		0,00	1.370.166,40	67.951,74		873.376,76		1.370.166,40	0,00	
Santiago de Compostela	1.267.450,98				0,00		163.011,95		0,00	1.267.450,98	163.011,95		163.011,95		1.267.450,98	0,00	
Santiago	307.680,06				0,00		30.941,70		0,00	307.680,06	187.436,40		30.941,70		307.680,06	0,00	
Sobrado	363.475,34				0,00		47.046,86		0,00	363.475,34	150.394,38		47.046,86		363.475,34	0,00	
Somoza (As)	628.750,32				3,098,20	394.525,09	237.324,43		0,00	628.750,32	237.324,43		394.525,09		628.750,32	0,00	
Teo	274.273,85				0,00		112.051,24		0,00	274.273,85	112.051,24		112.051,24		274.273,85	0,00	
Trois	389.404,38				0,00		67.662,49		0,00	389.404,38	183.150,20		67.662,49		389.404,38	0,00	
Trois	461.148,06				0,00		248.977,13		0,00	461.148,06	186.563,89		248.977,13		461.148,06	0,00	
Tron	409.685,43				0,00		186.563,89		0,00	409.685,43	186.563,89		186.563,89		409.685,43	0,00	
Valexvivo	386.209,27				0,00		111.304,12		0,00	386.209,27	111.304,12		111.304,12		386.209,27	0,00	
Vila do Dubra	598.113,25				0,00		270.650,80		0,00	598.113,25	106.004,62		270.650,80		598.113,25	0,00	
Vieira	317.260,95				0,00		255.620,16		0,00	317.260,95	106.004,62		255.620,16		317.260,95	0,00	
Vilagarcía	234.482,72				0,00		147.962,97		0,00	234.482,72	15.429,25		147.962,97		234.482,72	0,00	
Vilagarcía	168.983,92				0,00		57.939,77	1.782,89	1.782,89	168.983,92	57.939,77		57.939,77		168.983,92	0,00	
Vimioso	583.983,92				0,00		322.043,75		0,01	583.983,92	322.043,75		322.043,75		583.983,92	0,00	
Zas	469.381,94				0,00		68.472,28		0,00	469.381,94	267.721,14		68.472,28		469.381,94	0,00	
Zas	337.745,01				0,00		201.294,04		0,00	337.745,01	152.851,97		201.294,04		337.745,01	0,00	
Zas	688.073,92				0,00		74.210,66		0,00	688.073,92	345.591,40		74.210,66		688.073,92	0,00	
Zas-Ceiras	46.000,000,00				0,00		16.106,927,36	412.491,53	0,00	46.000,000,00	10.836.499,89		16.106,927,36		46.000,000,00	0,00	
<b>TOTAL</b>							<b>16.106,927,36</b>	<b>412.491,53</b>	<b>0,00</b>	<b>16.106,927,36</b>	<b>10.836.499,89</b>		<b>16.106,927,36</b>		<b>46.000,000,00</b>	<b>0,00</b>	
<b>Concellos solo 1ª fase</b> 4 <b>Concellos 1ª fase e 2ª fase</b> 78 <b>Concellos solo 2ª fase</b> 11 <b>TOTAL</b>																	

Concellos solo 1ª fase 4  
 Concellos 1ª fase e 2ª fase 78  
 Concellos solo 2ª fase 11  
 TOTAL





**2.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 3/2024 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 3/2024 cuxo obxecto é a redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, ou para gasto corrente dos 17 concellos sen esta débeda, cuxo resumo de datos de financiamento é o que deseguido se indica, e cuxo detalle por concello figura nos anexos I a III este acordo:

ÍNDICE DE ANEXOS	
ANEXO I	Resumo xeral por concello
ANEXO II	Redución da débeda coa deputación
ANEXO III	Gastos correntes

76 CONCELLOS CON DÉBEDA COA DEPUTACIÓN POR PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PAI E POS+			
Abegondo	Corcubión	Muros	Rois
Ames	Coristanco	Narón	Sada
Ares	Coruña (A)	Neda	San Sadurniño
Arzúa	Culleredo	Negreira	Santa Comba
Baña (A)	Dodro	Noia	Santiago de C.
Betanzos	Dumbría	Oleiros	Santiso
Boiro	Fene	Ordes	Somozas (As)
Boqueixón	Ferrol	Oroso	Teo
Brión	Fisterra	Ortigueira	Toques
Cabana de Bergantiños	Frades	Outes	Tordoia
Cabanas	Laxe	Padrón	Touro
Camariñas	Laracha (A)	Pino (O)	Trazo
Cambre	Lousame	Pobra do Caramiñal (A)	Valdoviño
Carballo	Malpica de Bergantiños	Ponteceso	Val do Dubra
Carnota	Mañón	Pontedeume	Vedra
Carral	Melide	Pontes de G. R (As)	Vilasantar





Cedeira	Miño	Porto do Son	Vimianzo
Cerceda	Moeche	Rianxo	Cariño
Coirós	Monfero	Ribeira	Oza-Cesuras

17 CONCELLOS SEN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN			
Aranga	Cee	Mesía	Vilarmaior
Arteixo	Cerdido	Mugardos	Zas
Bergondo	Curtis	Muxía	
Boimorto	Irixoa	Paderne	
Capela (A)	Mazaricos	Sobrado	

POS+ ADICIONAL 3/ 2024 RESUMO XERAL			
OBXECTO	CONCELLOS	PARTIDA	DEPUTACIÓN
Redución da débeda dos concellos coa deputación	76 concellos	0430/4592/46201	3.376.540,52
Gasto corrente	17 concellos	0430/4592/46201	623.459,48
TOTAL			4.000.000,00

2.- Minorar a débeda que os 76 concellos indicados no apartado anterior teñen con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, de acordo co detalle que figura no Anexo II a este acordo, minorando en primeiro lugar a débeda correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar minorarase o préstamo provincial aplicado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e a a continuación o aplicado para o financiamento de investimentos.

3.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura no Anexo III a este acordo. O dito pago realizarase con cargo á partida indicada, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."



POS+ADICIONAL 3/2024

Anexo I: RESUMO XERAL POR CONCELLO

CONCELLO	TOTAL ASIGNADO PARA POS+AD 3/2024	REDUCCIÓN DÉBEDA	GASTOS CORRENTES	TOTAL DEPUTACIÓN	ECONOMÍA
Abegondo	43.696,62	43.696,62		43.696,62	0,00
Ames	90.069,00	90.069,00		90.069,00	0,00
Aranga	34.908,51		34.908,51	34.908,51	0,00
Ares	23.963,18	23.963,18		23.963,18	0,00
Arteixo	99.024,38		99.024,38	99.024,38	0,00
Arzúa	59.698,58	59.698,58		59.698,58	0,00
Baña (A)	39.124,83	39.124,83		39.124,83	0,00
Bergondo	32.181,66		32.181,66	32.181,66	0,00
Betanzos	39.918,83	39.918,83		39.918,83	0,00
Boimorto	32.505,86		32.505,86	32.505,86	0,00
Boiro	63.589,33	63.589,33		63.589,33	0,00
Boqueixón	36.003,74	36.003,74		36.003,74	0,00
Brión	40.869,76	40.869,76		40.869,76	0,00
Cabana de Bergantiños	38.275,92	38.275,92		38.275,92	0,00
Cabanas	22.779,83	22.779,83		22.779,83	0,00
Camariñas	28.225,65	28.225,65		28.225,65	0,00
Cambre	68.862,58	68.862,58		68.862,58	0,00
Capela (A)	20.400,42		20.400,42	20.400,42	0,00
Carballo	111.842,77	111.842,77		111.842,77	0,00
Carnota	29.471,60	29.471,60		29.471,60	0,00
Carral	32.727,71	32.727,71		32.727,71	0,00
Cedeira	38.905,61	38.905,61		38.905,61	0,00
Cee	35.193,53		35.193,53	35.193,53	0,00
Cerceda	41.025,84	41.025,84		41.025,84	0,00
Cerdido	19.025,76		19.025,76	19.025,76	0,00
Coirós	19.870,97	19.870,97		19.870,97	0,00
Corcubión	11.676,83	11.676,83		11.676,83	0,00
Coristanco	52.722,26	52.722,26		52.722,26	0,00
Coruña (A)	16.723,69	16.723,69		16.723,69	0,00
Culleredo	84.896,80	84.896,80		84.896,80	0,00
Curtis	37.773,18		37.773,18	37.773,18	0,00
Dodro	18.939,62	18.939,62		18.939,62	0,00
Dumbría	39.606,64	39.606,64		39.606,64	0,00
Fene	41.158,65	41.158,65		41.158,65	0,00
Ferrol	32.490,33	32.490,33		32.490,33	0,00
Fisterra	22.562,66	22.562,66		22.562,66	0,00
Frades	33.080,84	33.080,84		33.080,84	0,00
Irixoa	24.823,22		24.823,22	24.823,22	0,00
Laxe	22.334,94	22.334,94		22.334,94	0,00
Laracha (A)	58.803,54	58.803,54		58.803,54	0,00
Lousame	32.847,63	32.847,63		32.847,63	0,00
Malpica de Bergantiños	32.304,96	32.304,96		32.304,96	0,00
Mañón	26.989,40	26.989,40		26.989,40	0,00
Mazaricos	54.323,24		54.323,24	54.323,24	0,00
Melide	55.740,82	55.740,82		55.740,82	0,00
Mesía	37.059,54		37.059,54	37.059,54	0,00
Miño	31.008,97	31.008,97		31.008,97	0,00
Moeche	20.323,01	20.323,01		20.323,01	0,00
Monfero	44.740,78	44.740,78		44.740,78	0,00



CONCELLO	TOTAL ASIGNADO PARA POS+AD 3/2024	REDUCCIÓN DÉBEDA	GASTOS CORRENTES	TOTAL DEPUTACIÓN	ECONOMÍA
Mugardos	23.443,84		23.443,84	23.443,84	0,00
Muxía	45.553,19		45.553,19	45.553,19	0,00
Muros	40.361,18	40.361,18		40.361,18	0,00
Narón	98.837,52	98.837,52		98.837,52	0,00
Neda	22.566,46	22.566,46		22.566,46	0,00
Negreira	50.638,85	50.638,85		50.638,85	0,00
Noia	43.442,44	43.442,44		43.442,44	0,00
Oleiros	92.790,57	92.790,57		92.790,57	0,00
Ordes	66.779,45	66.779,45		66.779,45	0,00
Oroso	41.174,15	41.174,15		41.174,15	0,00
Ortigueira	68.242,15	68.242,15		68.242,15	0,00
Outes	41.733,29	41.733,29		41.733,29	0,00
Paderne	23.390,34		23.390,34	23.390,34	0,00
Padrón	35.463,51	35.463,51		35.463,51	0,00
Pino (O)	47.303,88	47.303,88		47.303,88	0,00
Pobra do Caramiñal (A)	32.741,23	32.741,23		32.741,23	0,00
Ponteceso	42.297,97	42.297,97		42.297,97	0,00
Pontedeume	31.446,71	31.446,71		31.446,71	0,00
Pontes de García Rodríguez	82.576,46	82.576,46		82.576,46	0,00
Porto do Son	47.292,32	47.292,32		47.292,32	0,00
Rianxo	41.596,23	41.596,23		41.596,23	0,00
Ribeira	76.414,19	76.414,19		76.414,19	0,00
Rois	39.000,92	39.000,92		39.000,92	0,00
Sada	48.438,95	48.438,95		48.438,95	0,00
San Sadurniño	33.447,25	33.447,25		33.447,25	0,00
Santa Comba	72.365,12	72.365,12		72.365,12	0,00
Santiago de Compostela	71.316,77	71.316,77		71.316,77	0,00
Santiso	31.747,13	31.747,13		31.747,13	0,00
Sobrado	37.693,68		37.693,68	37.693,68	0,00
Somozas (As)	27.342,61	27.342,61		27.342,61	0,00
Teo	65.203,64	65.203,64		65.203,64	0,00
Toques	28.443,17	28.443,17		28.443,17	0,00
Tordoia	40.382,62	40.382,62		40.382,62	0,00
Touro	45.156,12	45.156,12		45.156,12	0,00
Trazo	36.788,98	36.788,98		36.788,98	0,00
Valdoviño	39.959,67	39.959,67		39.959,67	0,00
Val do Dubra	39.953,99	39.953,99		39.953,99	0,00
Vedra	32.901,09	32.901,09		32.901,09	0,00
Vilasantar	23.388,68	23.388,68		23.388,68	0,00
Vilarmador	17.482,56		17.482,56	17.482,56	0,00
Vimianzo	61.595,39	61.595,39		61.595,39	0,00
Zas	48.676,57		48.676,57	48.676,57	0,00
Cariño	24.700,36	24.700,36		24.700,36	0,00
Oza-Cesuras	62.834,78	62.834,78		62.834,78	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>4.000.000,00</b>	<b>3.376.540,52</b>	<b>623.459,48</b>	<b>4.000.000,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Nº CONCELLOS</b>	<b>93</b>	<b>76</b>	<b>17</b>		




**POS+ADICIONAL 3/2024**  
**Anexo II: REDUCCIÓN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN**

CONCELLO	ACHEGA APLICADA A REDUCCIÓN DÉBEDA
Abegondo	43.696,62
Ames	90.069,00
Ares	23.963,18
Arzúa	59.698,58
Baña (A)	39.124,83
Betanzos	39.918,83
Boiro	63.589,33
Boqueixón	36.003,74
Brión	40.869,76
Cabana de Bergantiños	38.275,92
Cabanas	22.779,83
Camariñas	28.225,65
Cambre	68.862,58
Carballo	111.842,77
Carnota	29.471,60
Carral	32.727,71
Cedeira	38.905,61
Cerceda	41.025,84
Coirós	19.870,97
Corcubión	11.676,83
Coristanco	52.722,26
Coruña (A)	16.723,69
Culleredo	84.896,80
Dodro	18.939,62
Dumbría	39.606,64
Fene	41.158,65
Ferrol	32.490,33
Fisterra	22.562,66
Frades	33.080,84
Laxe	22.334,94
Laracha (A)	58.803,54
Lousame	32.847,63
Malpica de Bergantiños	32.304,96
Mañón	26.989,40
Melide	55.740,82
Miño	31.008,97
Moeche	20.323,01
Monfero	44.740,78


CONCELLO	ACHEGA APLICADA A REDUCCIÓN DÉBEDA
Muros	40.361,18
Narón	98.837,52
Neda	22.566,46
Negreira	50.638,85
Noia	43.442,44
Oleiros	92.790,57
Ordes	66.779,45
Oroso	41.174,15
Ortigueira	68.242,15
Outes	41.733,29
Padrón	35.463,51
Pino (O)	47.303,88
Pobra do Caramiñal (A)	32.741,23
Ponteceso	42.297,97
Pontedeume	31.446,71
Pontes z (As)	82.576,46
Porto do Son	47.292,32
Rianxo	41.596,23
Ribeira	76.414,19
Rois	39.000,92
Sada	48.438,95
San Sadurniño	33.447,25
Santa Comba	72.365,12
Santiago de C.	71.316,77
Santiso	31.747,13
Somozas (As)	27.342,61
Teo	65.203,64
Toques	28.443,17
Tordoia	40.382,62
Touro	45.156,12
Trazo	36.788,98
Valdoviño	39.959,67
Val do Dubra	39.953,99
Vedra	32.901,09
Vilasantar	23.388,68
Vimianzo	61.595,39
Cariño	24.700,36
Oza-Cesuras	62.834,78

<b>TOTAL</b>	<b>3.376.540,52</b>
<b>Nº CONCELLOS</b>	<b>76</b>



**POS+ADICIONAL 3/2024**  
**Anexo III: GASTOS CORRENTES**

<b>CONCELLO</b>	<b>ACHEGA APLICADA A GASTOS CORRENTES</b>
ARANGA	34.908,51
ARTEIXO	99.024,38
BERGONDO	32.181,66
BOIMORTO	32.505,86
CAPELA (A)	20.400,42
CEE	35.193,53
CERDIDO	19.025,76
CURTIS	37.773,18
IRIXOA	24.823,22
MAZARICOS	54.323,24
MESÍA	37.059,54
MUGARDOS	23.443,84
MUXÍA	45.553,19
PADERNE	23.390,34
SOBRADO	37.693,68
VILARMAIOR	17.482,56
ZAS	48.676,57
<b>TOTAL</b>	<b>623.459,48</b>
<b>Nº CONCELLOS</b>	<b>17</b>



### **3.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2025, integrado polo orzamento da Deputación Provincial da Coruña e o do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e das súas bases de execución.**

#### INTERVENCIÓNS

Sr. Rioboo Castro

Grazas, presidente.


Presentamos hoxe ante o Pleno da Deputación da Coruña uns orzamentos que, sen dúbida, van contribuír a dinamizar a provincia e a mellorar a calidade de vida de cada unha das veciñas e veciños dos 93 concellos, que serán dunha forma clara, cremos, os grandes beneficiados no reparto de fondos deste orzamento. E serán, cremos, os grandes beneficiados porque somos a Administración, curiosamente, que máis fondos repartirá entre cada un deles de forma directa, chegando a un total de 105.400.000 euros, o que supón un 25,11 % da porcentaxe dos 240.500.000 euros do total do presuposto para o vindeiro 2025. Unha cifra que incrementa en 18,5 millóns os orzamentos do presente ano.

Os concellos, por ende, os cidadáns da provincia da Coruña, poderán así ver satisfeitos moitos dos seus proxectos, moitos das seus investimentos, sendo ás veces á Deputación o principal sustento para iso e tamén mellorando a súa liquidez, a dos concellos, para poder facer fronte a un gasto corrente cada día máis elevado, polo alto custo dos servizos básicos e a subministración, que, sumado á asunción de competencias impropias en maior medida por parte da Administración autonómica, fan que as contas locais cada vez sexan máis difíciles de cadrar.

E por iso, reiteramos que estas cifras provinciais son conscientes desta situación e por iso tratan de ser xenerosas, cun incremento do 52 % dos fondos con quen máis demanda e que é a nosa razón de ser como son os concellos. Concellos e cidadáns que, como dicimos, verán como o POS ou o PEL contribuírán a continuar axudando a emprendedoras e emprendedores da provincia, potenciando o financiamento do PEL e o PEL concellos, que favorecerá novamente, só nos concellos, a xeración de 1.600 novos empregos no ano 2025 que, sumados aos programas que xa favoreceron máis de 2.980 empresas ou 4.159 autónomos, farán destes orzamentos un dos principais sustentos de financiamento público para manter e crear emprego, como vimos facendo no último ano, destinando máis de 140 millóns de euros nos últimos anos a esta finalidade.

Estes orzamentos son conscientes das súas diferentes partidas da importancia que ten o reto demográfico ou potenciar o noso rural e o benestar dos seus veciños e veciñas. Por iso, o gasto social contará cun investimento de 33.653.000 euros, que servirán para, sobre todo, axudar as persoas máis vulnerables e, como non, a financiar preto de 400.000 horas para atender os nosos maiores. Maiores que pronto verán como unha realidade ese programa piloto que fai un novo modelo de residencias innovadoras para maiores en concellos como As Pontes, Rianxo ou Ordes.

Non podemos tampouco esquecer a contribución que a Deputación fai ao fomento do deporte, a educación ou a cultura nestes orzamentos, sendo un importante foco de financiamento para entidades dos concellos da provincia da Coruña que novamente se van ver beneficiadas a través de axudas directas e indirectas, cun orzamento próximo aos 35 millóns de euros. De aí saíran as axudas para que, igualmente, os cidadáns poidan



seguir disfrutando das actividades culturais, manter as súas escolas de música ou os conservatorios municipais, sendo a Deputación provincial, despois dos concellos, a principal fonte de cofinanciamento.

Facer unha provincia máis dinámica, querida e coñecida e ao que contribuirán os tamén preto de 30.300.000 euros que farán que os sectores produtivos e a atracción de turismo en todas as súas modalidades elixan a provincia da Coruña como punto de referencia, contribuíndo así a aumentar o PIB da primeira provincia en atracción turística da nosa comunidade.

O mantemento e mellora da seguridade viaria e a seguridade tamén das nosas estradas, as estradas provinciais, que conforman moitos quilómetros na nosa provincia, así como o mantemento do noso patrimonio, verase incrementado no ano 2025 cun importante investimento próximo aos 30 millóns de euros e que farán posible ir desenvolvendo eses plans estratéxicos de mellora na nosa provincia. Unha provincia que non se esquece da seguridade dos seus habitantes, facendo o esforzo económico máis importante dos últimos anos, incrementando nun 53 % a partida presupostaria dos servizos de emerxencia para manter os dez parques de bombeiros da nosa provincia e mellorar as condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras dos diferentes parques provinciais da provincia da Coruña. Ese investimento está nos 5.731.000 euros, que, como dicimos, pois se ve substancialmente incrementado con respecto ao deste ano.

En definitiva, cada unha e cada un de vostedes pode consultar o amplo orzamento desta Deputación e poderá ver nel o amplo esforzo, o esforzo feito polos responsables políticos, persoal de cada servizo e sobre todo, que nos foron durante todo o ano trasladando as necesidades principais para continuar mantendo vivas desde esta institución as políticas de emprego, de benestar social e de investimento que van destinadas a cada un dos cidadáns que habitan os 93 concellos da nosa provincia.

Grazas a todas e a todos, os departamentos polo seu esforzo para pechar este documento, que será un documento vivo, un documento que durante o ano 2025 atenderá esta e outras necesidades e que poidan, e que poidamos ir incrementando e atendendo as necesidades que poidan ir xurdindo.


Aos nosos concellos tamén lles estamos moi agradecidos, aos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, polas achegas que fixeron tamén a estes orzamentos para facelos, se cabe, pois máis próximos ás necesidades de cada un deles e facer uns concellos mellores e unha provincia, se cabe, máis próspera.

Moitas grazas pola súa atención.

Sr. García Seoane

Pouco vou dicir, porque o documento é un, no 80 % un corta e pega, coa revisión que procede, indubidablemente, do incremento do coste da vida, pero é un corta e pega. Pero na parte política eu creo que segue habendo un déficit moi grande, e digo moi grande, moi grande, así como, se acaba de dicir agora polo deputado, mellora a partida de cultura e deportes que, por certo se leva pois 1.700.000 euros máis que o anterior, por tanto, ben, pois agradácese que se poida... E na promoción económica e turismo increméntase tamén en 150.000 euros, é unha cantidade creo que non moi grande, diría pequena a nivel provincial, cando creo que se está facendo un bo traballo polos responsables nese aspecto, os responsables políticos, indubidablemente.





E logo está o tema de plans, que si é un tema estrela da Deputación e que se incrementa, como xa debatemos noutro momento, e do que xa non me vou parar a falar.

E hai unha parte que segue sendo coxa, segue estando moi coxa, porque hai que recordar que a Deputación ten recursos e debe empregalos. Hai parte de diñeiro que non se pode; agora mesmo temos sen repartir 7 millóns de euros porque non nos poñemos de acordo os partidos políticos e iso é imperdoable cando hai un montón de alcaldes e alcaldesas que están esperando que ese diñeiro lles chegue para afrontar necesidades do seu municipio.


Pero, sei tamén, os informes que sempre proceden cando se fala de dar subvencións e que son negativos polas causas legais que se alegan, pero hai algo que non se pode informar negativamente e é cando un xestiona directamente o seu, non? Estou falando das vías provinciais, das estradas, deses 2.000 quilómetros de estradas que ten a Deputación e que son terceiromundistas, son verdadeiramente terceiromundistas. Hai estradas, non moi lonxe de aquí, unha que une Oleiros con Cambre no lugar de Pravio que colle un coche só e hai uns taludes criminais que, como vaian dous coches despistados, un vai polo talude abaixo, non? Quen di isto, sei que hai un montón de rúas, porque eu camiño, camiñei moito máis antes por Galicia, pero sigo camiñando, e deste tipo de estradas pois segue habendo un grave problema. A causa sempre é a mesma, non dan os terreos, os concellos non teñen que doar os terreos para aumentar unha estrada provincial; a estrada provincial cando se quere aumentar hai que facer como se fai noutros casos, hai que ir a expropiar. Está claro que non imos abordar 2.000 quilómetros de estradas nin de broma, pero, se non hai un plan de cada 4 anos que entre un goberno en estradas, que di, ben pois imos abordar dos 2.000 quilómetros pois 100, pero imos abordar 100 quilómetros e facer realmente transitables esas estradas tan necesarias hoxe en día en moitos núcleos de poboación que medraron. Hai municipios que seguen igual que antes ou perderon a metade da poboación, ou case non existen, pero hai outros que medraron. Estou falando por aquí, pola comarca, acabo de nomear dous concellos, neste caso Cambre e Oleiros, pero podo nomear Culleredo, podo nomear Bergondo; ti vas ao cemiterio de Bergondo e aquilo é unha corredeira, e é unha estrada provincial, pero é unha corredeira auténtica que só colle un coche e ao lado taludes non hai onde meterse e, se vén un veciño pois tes que levalo ou parar. Por tanto, aí hai un déficit moi grande e que nin o fixo o Partido Popular nin o está facendo o Goberno actual.

Eu creo que hai que darlle unha pensada a ese tipo de políticas e incrementar en 1.456.000 euros a partida das obras públicas de estradas da Deputación é irrisorio, iso métese nunha estrada soa nun punto moi concreto, non? Por tanto, dese diñeiro, 100.000 euros para mantemento, mantemento deses 2.000 quilómetros, e 458.000 euros para a conservación, xa me contarán que conservación se pode facer neses aspectos, e 200.000 euros para sendas, que son imprescindibles en moitos lugares hoxe para a comunicación, cando se fala tanto en política de promocionar o camiñar. Non se pode camiñar se non hai por onde, iso é un feito real.

E, para rematar, dicir que nesta partida eu sempre estarei machacón, porque me parece que hai que incrementala e hai que xestionar máis directamente desde aquí, porque aí si que non hai informes negativos, non pode habelos.

E hai un tema que si me preocupa moito. Onte choveu a Deus dar, foron 30 litros por metro cadrado nesta comarca, en Oleiros houbo algunha pequena inundación e o parque de bombeiros estaba cerrado. O parque de bombeiros que está situado en Arteixo, que financia a Deputación coa Xunta de Galicia, estaba cerrado, e leva cerrado así moito tempo. Non podemos permitir as baixas que se están dando, desde a política alta, do Parlamento da nación ou do Parlamento autonómico, eu creo que hai que





empezar a debater aqueles que estades neses parlamentos, a debater as políticas que están afectando gravemente ao Concello da Laracha neste momento, que leva 5 meses sen policía local, están todos de baixa –o mesmo día veu unha peste que os enfermou a todos, os maulas, os maulas, como pasou na Coruña cando había a metade o persoal da recollida do lixo estaba dada de baixa tamén. Son folgas encubertas que, ao final, o que fan é facer dano á cidadanía, pero cobrando igual, porque, se estivesen de baixa ou se non estivesen de baixa, a folga, como se sabe, non se pagan os días de día de folga, pero é moi fácil facer folgas cargándolle á Administración do Estado e prexudicando gravemente a Administración pública e os cidadáns, en concreto os cidadáns, na prestación dos servizos. Eu creo que este tema, eu non estou nese sitios, xa non vou estar pola idade que teño, ao mellor algún día loqueo e preséntome por aí, pero... e posiblemente saíra, posiblemente saíra, pero xa non teño ganas desa batalla, porque teño abondo co que teño e vou asegurar o que teño indubidablemente, vou asegurar o que teño na comarca da Coruña, para garantir que esta Deputación sexa gobernada. Desde logo o meu voto sempre vai ser para gobernar a Deputación, se é que no seu día os cidadáns din que eu teño que repetir aquí.

Por tanto, creo que este tema último que dixen paréceme moi grave, paréceme moi grave e que o temos que abordar con seriedade. Nunha cidade como A Coruña, 40 persoas que se dan de baixa o mesmo día, danse de baixa en distintas zonas da Coruña, Monte Alto, Palavea... Distintos médicos, pero que un médico nun concello como o que citei antes da Laracha, que é un médico que lle dá aos 5 cidadáns que van alí o mesmo día, iso apesta, iso cheira mal. Pero, ben, isto hai que cambialo, xa digo, non está na miña man desgraciadamente, pero hai que pensar niso. Polo tanto, o Consorcio Bombeiros, se segue así, habería que ver se se segue subvencionando ou non.

Nada máis.


Sra. Veira Conzález

Grazas, señor presidente,

Desde o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego gustaríanos salientar algunhas cuestións que se reflicten nestes orzamentos porque, efectivamente, o orzamento é un documento onde os gobernos priorizamos ou sinalamos aquelas prioridades políticas que consideramos que hai que implementar dentro da provincia.

A nós gustaríanos salientar en primeiro lugar a aposta política deste Goberno polo Plan único; unha aposta política que non é menor, trátase do 44 % do orzamento de 2025, o orzamento máis elevado da historia, pero tamén o Plan único máis elevado da historia, tamén no inicial, co cal os concellos poden ter unha previsión tamén dos seus ingresos e deseñar as súas contas cunha tranquilidade que, desde logo, non lle fornecen outras administracións. Estamos falando dun reparto de fondos equitativo, democrático e que respecta a autonomía municipal. Eu creo que é unha cuestión que é fundamental para os concellos. Estamos falando de que esta Deputación provincial ten no seu orzamento 105 millóns de euros para repartir entre 93 concellos, e podemos comparar isto co que é o fondo que pon a dispor dos concellos a Xunta de Galiza, que son 112 millóns para 313 concellos. A verdade é que creo que a aposta política é moi clara e as cifras así o sosteñen. Estamos falando dun plan sen o cal os concellos non poderían sobrevivir; a maior parte dos concellos sen Plan único non poderían sobrevivir e, polo tanto, esta é a nosa aposta política.

En canto ao que ten a ver co turismo e coa promoción económica, coa artesanía e demais, este Goberno aposta pola sustentabilidade, aposta pola reflexión arredor do




turismo, aposta pola acción arredor do turismo; non quedar sentados analizando simplemente o que está a pasar co turismo na nosa provincia, senón que hai accións concretas para facer realidade esa sustentabilidade turística na provincia da Coruña. É unha aposta política pola posta en valor do territorio, dos produtos, dos produtores, das produtoras –tamén en feminino–, da transformación dos produtos na nosa provincia e tamén do talento que hai na nosa provincia para poder facer todo isto sempre da man do sector privado, que é fundamental para impulsar absolutamente todo isto, e tamén do asociacionismo que é, desde logo, unha man da que collernos para poder facer realidade todas estas políticas.

Gustárame tamén pór en valor o esforzo e a aposta desta institución, que se reflicte tamén nestes orzamentos provinciais, por facer chegar a cultura a todos os recunchos desta provincia da man do talento, dos creadores e das creadoras, das asociacións culturais e das empresas do sector cultural, porque tamén é, efectivamente, unha parte importante, unha cuestión económica, non?, a cultura tamén é un sector económico e tamén hai unha aposta desta institución por que este sector económico, non só sobreviva, senón que poida vivir con dignidade. Porque nós cremos no dereito á cultura, cremos no dereito a crear cultura, pero tamén a desfrutar da cultura, como digo, en todos os recunchos da provincia, independentemente de onde vivamos.

A cultura, tamén di quen somos e cara a onde queremos camiñar, como tamén o patrimonio. Neste orzamento faise un esforzo tamén importante por manter o noso patrimonio, por poñelo en valor porque, efectivamente, o patrimonio é o que nos di quen fomos, pero tamén determina cara a onde queremos ir se o conservamos, se o poñemos en valor e se favorecemos que a xente coñeza ese patrimonio e coñeza a nosa identidade, porque eu creo que o máis bonito que lle pode dar Galiza ao mundo é precisamente poñer en valor a súa cultura e poñer en valor o seu patrimonio.

Desde logo, tamén desde o Goberno provincial hai un esforzo moi importante nun momento de emerxencia lingüística como o que estamos a vivir, como o que reflicten os datos do Instituto Galego de Estatística, hai un esforzo importante tamén e unha aposta política importante porque haxa recursos económicos destinados á normalización lingüística, que son recursos económicos principalmente que ao que axudan é a que os concellos poidan manter persoal nos servizos de normalización lingüística, pero nós tamén poder facer política propia en materia lingüística. Temos que afrontar a situación na que está o galego. Temos que ter políticas que afronten esa situación porque non podemos permitir que a nosa lingua morra. É unha situación reversíbel, pero é unha situación reversíbel se efectivamente poñemos e deseñamos políticas públicas que fagan posíbel esa reversión.

Tamén se fai unha aposta política nestes orzamentos pola igualdade porque, fronte ao negacionismo da violencia machista e fronte ao negacionismo da propia desigualdade na que vivimos as mulleres, esta entidade provincial destina recursos económicos, que é o que hai que facer para combater a violencia machista, para combater precisamente estes discursos negacionistas. Póñense recursos económicos para os concellos, para manter o persoal nos concellos que poida, que sexa técnico precisamente nestes asuntos e poida implementar ou axudar a implementar estas políticas, pero tamén con actuación propia, con campañas propias e tamén con formación, sobre todo, porque eu creo que todas e todos temos moi claro que fai falta chegar aos máis pequenos, ás máis pequenas, aos adolescentes, ás adolescentes, para combater a violencia machista e para combater estes discursos aos que facía referencia e tamén unha aposta polas campañas propias nesta Deputación Provincial, porque desde logo os datos non son alentadores e hai que combater politicamente o que estamos a vivir, este aumento das desigualdades, este aumento destes discursos contra as



mulleres. Tamén combatemos con estes orzamentos toda clase de discriminación cara ás persoas LGTBI e a defensa dos dereitos civís nun momento no que hai que combatelos politicamente, este Goberno desde logo está decidido a facelo.

Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Ya le comenté que, si me pasaba de los 8 minutos, me descontara de los 5 del segundo turno, lo cual se lo agradezco. Gracias.


En primer lugar, permítame que le dé la bienvenida al señor presidente a este salón de plenos. Llevábamos tiempo sin verle por aquí. Las últimas actuaciones y afirmaciones de los miembros de su grupo nos dejan bien a las claras que no son muy dados a dar explicaciones cuando se les requieren y estoy convencido de que, si pudieran, hasta se saltarían el trámite de los Plenos.

Dejó usted al señor Regueira... Lo cierto es que en el inicio del mandato el señor Regueira y usted nos recordaban a la película *Dos hombres y un destino*, últimamente casi me recuerda más al título *Solo ante el peligro*, la cuestión es saber quién de los dos está más solo y cuál está ante un peligro más inminente, yo lo tengo bastante claro.

Respecto a su actitud en los últimos tiempos, podríamos decir que uno comienza por abandonar con frecuencia la Presidencia del Pleno y acaba por abandonarse a sí mismo, o por saltarse de manera consciente o intencionada un informe sobre la tramitación del Plan estratégico de subvenciones y acabe por convertirse durante semanas en un presidente a la fuga, huido de los plenos en los que debería rendir cuentas por sus acciones u omisiones de su Gobierno. Todo esto se lo digo porque a la vista de su actitud, de los últimos tiempos, de su aptitud con p, y de la de su Gobierno hablaremos a continuación cuando abordemos el presupuesto directamente, les recomiendo que vayan haciendo ya el boceto de su retrato, que al igual que el de sus antecesores, colgará en las paredes de esta casa. Lo cierto y verdad es que bien podría pintarse y colgarse ya, pues sus reiteradas y constantes ausencias a lo largo de estos 3 mandatos le definen a usted como un presidente ausente, y la parte de su Gobierno, la que depende más directamente de usted, como un grupo sin rumbo y sin dirección. Afortunadamente las personas pasan, pero las instituciones permanecen.

Ya en segundo lugar, permítanme que lamente que tampoco haya tenido la consideración de ofrecernos un avance de los presupuestos, previamente a hacerlo en el Parlamento de Galicia. Esto ya no es nada nuevo, viene reiterándose en el tiempo. Nadie duda de la consideración que nos merece el Parlamento autonómico, pero usted, en el marco de la autonomía local o provincial, se debe primeramente a esta Cámara. Quizás el hecho de que se haya inclinado antes al Parlamento de Galicia traduzca alguna frustración política, puede ser. Vuelve año tras año a tener una desconsideración con los grupos de la oposición o más bien con este grupo. Desconozco si el señor García Seoane tenía conocimiento de los presupuestos o no, nosotros no. Si lo tenía, malo y, si no lo tenía, peor.

Una vez comentada la actitud que usted muestra con este grupo en particular y con la institución en general, hablaremos ahora de la aptitud y la de su Gobierno, que con claridad se refleja en este presupuesto, al igual que en los 9 precedentes que usted ha traído a este salón de plenos.




Presidente, diputado, delegado de Facenda, diputadas y diputados, este presupuesto que someten a aprobación es un presupuesto, un presupuesto más, uno más, sin más, sin mayor novedad, sin mayores correcciones, sin mejores criterios. Es esencialmente un presupuesto aumentativo, un 8 % de incremento, si donde había equis ahora hay equis más 18.000.000, pero algunas incógnitas o dudas que plantean las equis, las incógnitas que plantean las aplicaciones presupuestarias con las cantidades consignadas no se despejan o no se aclaran. Hablamos de incógnitas o de dudas sobre la consignación, sobre la ejecución y sobre la eficiencia del presupuesto. O, más que de incógnitas, hablamos de serios indicios o evidencias que apuntan a la inconveniencia de este presupuesto.

En primer lugar, hablamos de las dudas que nos suscita la consignación de cantidades; posiblemente todo lo que consignan sea necesario o conveniente o, por supuesto, aplaudido por quien lo reciba o lo vaya a recibir. No vamos a discutir ahora que, en términos teóricos o abstractos, sea bueno proyectar el presupuesto de gastos sobre ámbitos muy diversos de la actividad municipal o social. Ahora bien, gobernar es priorizar, es asignar con criterio de preferencia racional y ética recursos limitados a expectativas amplísimas, inabarcables diría yo, y tenemos serias dudas de que ustedes prioricen, *espallar* el dinero, no es priorizar el gasto. Por supuesto que es complicado priorizar, quien prioriza no contenta a todo el mundo, pero quien prioriza obra de una manera más racional y, sobre todo, de una manera más justa. Priorizar es lo que distingue a un buen gobernante de un quedabién. Y todo ello sin olvidar las dudas diversas y reiteradas que la Intervención Provincial plantea sobre la legitimación competencial para intervenir económicamente en determinados ámbitos o materias. Da la sensación, señor presidente, de que usted no se siente vinculado por el mandato del legislador de hacer competencialmente racional la Administración provincial, y da la sensación de que usted sigue defendiendo un principio poco racional de competencia general, queriendo hacer de la Diputación una taifa o un califato en lo que debiera ser una Administración competencial y económicamente coordinada en un más amplio y ordenado conjunto de administraciones públicas. Y se queja usted de las competencias impropias cuando es usted quien parece asumir no pocas de estas con la mayor de las ligerezas.

En segundo lugar, hablamos de las dudas que nos suscita la ejecución. Nada parece que hayan hecho ustedes para mejorar los niveles de ejecución en estos años, ni de lo que con las transferencias provinciales deben ejecutar los *concellos*, ni de lo que debe ejecutar la propia Diputación directamente. ¿Han diagnosticado, con la objetividad y la exhaustividad necesaria la diversa casuística que puede explicar estos bajísimos niveles de ejecución? ¿Han adoptado alguna medida correctora en la propia Diputación? ¿Piensan acompañar o apoyar mejor a los *concellos* en el proceso de transformación en obras de las cantidades transferidas? 315 millones en los bancos, una ejecución global que no superará en casi nada el 40 % en el presupuesto de gastos; ejecuciones aún menores en determinados capítulos y partidas, en fin...

Pero en este ámbito de ejecución no quería dejar de incluir una reflexión sobre la incapacidad de sus presupuestos o de sus ejecuciones presupuestarias para corregir diversas desigualdades. Este presupuesto se canaliza en buena parte a través de transferencias a los *concellos*. Hasta ahí de acuerdo, vale, ¿pero cree usted de verdad que estas transferencias están reduciendo los desequilibrios territoriales y favoreciendo la convergencia de los *concellos* en lo que a servicios básicos se refiere? Ese debería ser el principal objetivo de la Diputación. ¿Hacen ustedes algún seguimiento serio de la encuesta de infraestructuras o han manejado algún otro mecanismo que permita valorar el objetivo de la convergencia o de una dotación homogénea o equilibrada en las infraestructuras básicas? Para mejorar la convergencia de algunos servicios básicos, insistimos en que deberían articularse algunos planes específicos pensados para los



ayuntamientos con una menor capacidad económica y con una mayor carestía de servicios. Y, por cierto, que la atención en los *concellos* con una menor capacidad económica debería llevar a mejorar, si fuera posible, los criterios de asignación del POS. ¿Son los del POS unos criterios objetivos? Sí, por supuesto que lo son, pero el objetivo no es necesariamente lo justo y ustedes se comprometieron con el Consello de Contas a estudiar la posible mejora de esos criterios, y nosotros hemos pedido que se elaborara algún estudio para valorar la actualización de estos criterios.

Se lo tengo dicho en muchas ocasiones y hoy se lo repito. Ustedes no son un Gobierno solidario, ustedes hacen dejación de las funciones que le corresponden a esta casa. Sí, señor presidente, ustedes no hacen el mínimo esfuerzo por apoyar, ayudar a converger a los municipios más pequeños y de esta forma, señor presidente, les falla a los vecinos de todos estos ayuntamientos, especialmente a los de menos de 10.000 habitantes. ¿Qué ha hecho usted de forma directa por estos municipios? ¿Cómo les ha ayudado a fijar población? Obviamente es muy complicado fijar población cuando se carece de servicios básicos.

Ya sé su respuesta, el Plan único. Mire usted, menos mal que tiene usted el Plan único y menos mal que lo tienen los ayuntamientos. Y le voy a decir por qué le digo todo esto. Usted, viéndose totalmente incapaz de ejecutar sus recursos, delega la gobernanza completamente en los ayuntamientos de esta provincia. No me puedo ni imaginar la cuantía que tendríamos en los bancos si no fuera por el trabajo y gestión de la mayoría de los alcaldes que conforman la provincia de La Coruña. Mire usted, señor Formoso, para actuar como actuó usted, lo mejor sería que la mayor parte de su Gobierno y usted mismo delegase sus funciones en el señor Interventor, hiciera un reparto económico a principio de año, aquí paz y después gloria.


Y en tercer lugar, hablemos de la eficiencia, del mejor aprovechamiento del dinero público y de la relación entre los medios y los resultados, tanto en la acción subvencional o de fomento, como en la acción prestacional de los *concellos* que la Diputación respalda financieramente.

Respecto a la acción de fomento, ya en su ausencia, señor presidente, recordamos en este salón de plenos cómo la aprobación del nuevo y supuesto plan estratégico de subvenciones no vino precedida de una imprescindible evaluación de resultados del plan anterior a fin de conocer la utilidad del dinero público. Y respecto al mejor aprovechamiento de fondos como los destinados al gasto corriente de los ayuntamientos cabe recordarle algo: la Diputación, desde el respeto escrupuloso a la autonomía de los ayuntamientos y de sus alcaldes, puede hacer lo que la ley le permita hacer, ponerse al servicio de estos para estudiar los costes de prestación de los servicios públicos obligatorios y, en su caso, ofrecerles, que no imponerles, fórmulas de gestión más eficientes. Esto es, podrían trabajar ustedes en la posibilidad de que la Diputación se ofrezca para coordinar o prestar servicios públicos siendo una manera de sacar más rendimiento a estos 240.000.000 de euros que se van a aprobar hoy de forma inicial.

Concluyo ya. ¿Podemos abstenernos ante estos presupuestos? Como lo apuntaba, las consignaciones o el destino de gasto nos plantea en algunos casos dudas u objeciones pero, aún con estas dudas u objeciones, podríamos concederles una abstención escéptica o crítica. Ahora bien, como estos no son sus primeros presupuestos, como reinciden en una cuestionable consignación y, sobre todo, como ya sabemos que nada van a hacer para mejorar la ejecución o la eficiencia del gasto, nuestro voto va a ser negativo.

Un presupuesto tiene una dimensión planificadora que con ustedes no se cumple





al fracasar la ejecución y consiguientemente la programación temporal, pero un presupuesto tiene también una dimensión autorizatoria y no podemos autorizar la gestión de 240.000.000 de euros y de lo que posteriormente se incorpore, que va a ser mucho, a quien no sabe utilizarlo o lo gasta mal, a quien reincide en no hacer examen de conciencia ni propósito de enmienda presupuestaria. Este presupuesto, más bien el Gobierno que lo gestionará, seguirá batiendo récords de inejecución y, antes de acabar su mandato, bien sabe que tendremos en los bancos más de 400 millones de euros. Esto es sencillamente impresentable.

Por nuestra parte, nada más. Y ahora esperaré atentamente las críticas a la Xunta de Galicia y a mi partido en otras instituciones.

Gracias.

Sr. Presidente

Cinco minutos para a réplica.

Sr. Rioboo Castro


Grazas, presidente.

Ben, con respecto á intervención de Ángel García Seoane, do deputado de Alternativa dos Veciños, compartimos moitos dos aspectos da súa crítica, que consideramos unha crítica que pode ser construtiva de cara, sobre todo, ao que vai ser o orzamento 2025 e onde, efectivamente, pois unha vez teñamos a liquidación do orzamento feita, pois poderemos estar en condicións de facer algunhas das melloras e dos incrementos no orzamento que ben apuntaba o deputado de Alternativa dos Veciños.

Si, simplemente unha matización no sentido de que en Turismo se incrementa un millón e medio, podería explicarllo moito mellor o deputado e vicepresidente desta Deputación provincial cal é o funcionamento de Turismo, pero é que eses plans de sustentabilidade turística en destino, que eran para as Fragas do Eume, fondos europeos, pois xa non fai falta utilizalos, co cal van ir destinados a esas campañas que, sen lugar a dúbida, coincido con vostede, son tan exitosas en pro de promocionar a provincia da Coruña.

Agradecer loxicamente a colaboración que sempre temos dende os dous grupos de goberno, dende o BNG e o Grupo Socialista, e agradecer todas esas achegas que sen lugar a dúbidas conforman uns orzamentos que teñen un sentido político, un sentido político e unha forma de gobernar que non ten que ser nin moito menos parecida á que faría o Grupo Popular. Vostede non está de acordo co funcionamento deste orzamento, de como foi conformado, pero é que as políticas que vostedes defenden e as políticas que nós defendemos dende un Goberno progresista creo que son completamente distintas. Vostede xa gobernaron esta Deputación provincial, vostedes estiveron e tiveron a oportunidade de facer orzamentos e todos os concellos da provincia sufriron as consecuencias dun reparto que non foi equitativo con todos os concellos, senón máis ben cuantitativo, porque os criterios que vostedes seguen á hora de repartir os fondos públicos, pois todos os concellos os coñecemos.

E di vostede que é máis do mesmo. Claro, claro que é máis do mesmo, son uns orzamentos que están conformados no benestar das persoas, dos veciños e veciñas desta provincia, no benestar dos concellos. Por iso hai máis emprego. Dende a Deputación provincial xéranse miles de postos de traballo grazas a ese plan



emprendedor, a ese PEL Emprende para os concellos, para os emprendedores. Eu non hai lugar onde teña que ir representando a Deputación provincial e haxa emprendedores onde non se recoñeza que o inicio dunha empresa ou a consecución dun éxito nunha empresa teña sempre a avaliación do PEL. Esa é unha forma de facer política, unha forma de facer política que vostedes, cando gobernaban a Deputación provincial, pois lle destinaban unha parte ínfima do presuposto e nós decidimos, nese progreso que consideramos para o emprego, que ten que ser doutro xeito. Son formas distintas de gobernar: máis deporte, máis subvencións, máis reparto equitativo das entidades deportivas. Que temos que ser un pouco máis áxiles?, pois probablemente si, pero as entidades deportivas da provincia da Coruña, grazas á Deputación provincial e, sobre todo, grazas aos concellos, subsisten ano a ano e somos un referente ademais, cuns orzamentos vivos, como dicía anteriormente, no sentido de que podemos estar constantemente atendendo a demanda dos cidadáns e a demanda das propias asociacións.

